



A CIG-Ensino, CUT e SNEP convocan novas mobilizacións nos tres sectores de atención ás persoas: Discapacidade, Menores e Infantil 0-3 ante a falta de resposta e interlocución da Consellaría de Política Social

As tres organizacións sindicais fan unha chamada de unidade de acción reivindicativa na Galiza, dirixida á Xunta, titular das competencias.

CUT
Central Unitaria de Traballadores

CIG
Confederación Intersindical Galega
ENSINO

SNEP
Sindicato Nacional de Ensino Privado de Galicia

POLÍTICA SOCIAL

DISCAPACIDADE MENORES INFANTIL 0-3

MÉRCORES 13 DE MAIO
CONCENTRACIÓN NA CORUÑA ÁS 11H
No edificio administrativo ESPAZO AMIZAR
Rúa Gregorio Hernández, 2-4, A Coruña

COMPARTIDE NAS REDES AS VOSAS FOTOS E VÍDEOS

#politicasoocialenloita
#melloraslaboraisalariaisxa
#melloraslaboraisdiscapacidadexa
#discapacidade
#melloraslaboraismenoresxa
#menores
#melloraslaboraisinfantil03xa
#infantil03
#conveniosgalegosxa

Despois de que a CIG-Ensino, CUT e SNEP chamasen á responsabilidade e á seriedade a Fabiola García e a Alfonso Rueda para escoitar ao persoal traballador e dar solución ao conflito aberto nestes tres sectores esenciais na atención

ás persoas, e tan só se obtivera a calada por resposta, as tres organizacións sindicais deciden convocar novas mobilizacións e incrementar a súa contundencia, tal e como anunciaron o 8 de abril na última concentración en Ourense.

Ademais da continuidade dos «Mércores en loita» e a «Campaña de concienciación social», levaranse a cabo dúas accións reivindicativas nas rúas:

- Unha **CONCENTRACIÓN** o mércores 13 de maio ás 11:00 horas na Coruña diante do Edificio administrativo de Política Social Espazo Amizar, situado na rúa Gregorio Hernández, 2-4.
- Un **CAMIÑO DE SANTIAGO REIVINDICATIVO** de 3 etapas, cunha **UNHA XORNADA DE FOLGA** na última etapa):
1 de xuño: 1ª etapa. Saída ás 11:00h. Desde Arzúa ate Arca, con caravana de coches coa RLT.
2 de xuño: 2ª etapa. Saída ÁS 11:00h. desde Arca ate Monte do Gozo (mesmo formato da 1ª etapa).
3 de xuño: 3ª etapa con MANIFESTACIÓN. Saída ás 11:00h do Monte do Gozo á Xunta (San Caetano), nunha xornada de folga cun paro parcial de 5 horas (de 9:00 a 14:00h).

Chamada pública á unidade de acción mobilizadora nas rúas de Galiza cos 3 sectores: Discapacidade, Menores e Infantil 0-3

As tres organizacións sindicais (CIG, CUT, SNEP), que levamos camiño dun ano loitando e mobilizando os 3 sectores cun mesmo fin: «Melloras laborais, sociais e salariais: convenios

POLÍTICA SOCIAL

DISCAPACIDADE MENORES INFANTIL 0-3

CAMIÑO DE SANTIAGO REIVINCATIVO con 3 etapas:

1ª Etapa: Luns 1 de Xuño: **CARAVANA DE COCHES** dende **ARZÚA** ate **ARCA**, saída ás 11:30h.

2ª Etapa: Martes 2 de Xuño: **CARAVANA DE COCHES** dende **ARCA** ate **MONTE DO GOZO**, saída ás 11:30h.

3ª Etapa: Mércores 3 de Xuño: **MANIFESTACIÓN A PÉ** dende **MONTE DO GOZO** ate á **XUNTA** en San Caetano, saída ás 11h.

POLÍTICA SOCIAL

DISCAPACIDADE MENORES INFANTIL 0-3

XORNADA DE FOLGA

MÉRCORES 3 de Xuño

Paro parcial de 5h,
das 9h ate as 14h

MANIFESTACIÓN A PÉ dende **MONTE DO GOZO** ate á **XUNTA** en San Caetano, saída ás 11h.

dignos e xustos», así como baixada das ratios, xornadas xustas, máis recursos, mellores instalacións..., **facemos unha chamada pública de unidade de acción reivindicativa nas rúas galegas, organizada por todas as entidades sociais, organizacións, plataformas, e asociacións que aposten polas mobilizacións e a folga, tendo claro que a loita é o único camiño e miren polo interese colectivo e non polo propio. E, por suposto, dirixida á Xunta de Galicia, concretamente**

á Consellaría de Política Social, que é quen ten todas as competencias e o poder de modificar a mesma situación de precariedade que sofren estes 3 sectores.

Coincidindo as nosas reivindicacións e tendo as competencias a Xunta de Galiza, que se comporta como un bunker, xuntemos as nosas forzas na Galiza os tres sectores e negociemos nós as nosas condicións!!!

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 a Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 a Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal